



CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, A TRAVÉS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO (DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA E DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA) E IGAPE (INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA), PARA O ESTABLECEMENTO DE PUNTOS DE ATENCIÓN AO EMPREENDEDOR (PAE) INTEGRADOS NA REDE CIRCE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector de Coordinación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar co Ministerio de Industria, Comercio e Turismo – Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a súa inscrición no Rexistro Electrónico de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Renovar o convenio de colaboración entre as partes para o establecemento de PAE -Puntos de Atención ao Emprendedor- nas oficinas territoriais do Igape, co obxectivo de seguir prestando o servizo de constitución telemática de empresas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Administración Xeral do Estado, a través da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, dependente da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, integrada no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, ten encomendada, entre outras funcións a execución e seguimento das políticas do Goberno orientadas a facilitar a creación de empresas.

Neste senso veñen desenvolvendo unha serie de medidas para impulsar e facilitar a creación de empresas, entre outras, o desenvolvemento do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), o Documento Único Electrónico e a rede de Puntos de Atención ao Emprendedor (PAE).

Estes PAE son oficinas pertencentes a organismos públicos e privados nos que se facilita a creación telemática de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial.



Para a consecución dos seus obxectivos de apoair e fortalecer o tecido empresarial de Galicia, o Igape promove actuacións en colaboración, tanto entre as empresas como coas administracións ou con outras organizacións, o que permite reducir custos e riscos mediante a suma de esforzos e recursos, e contribúe a mellorar o crecemento do tecido productivo de Galicia.

Esta colaboración é o obxectivo principal deste convenio que permite e facilita que nos Puntos de Asesoramento ao Emprendedor (PAE), se presten de forma sinxela e clara servizos de asesoramento e información na definición das iniciativas empresariais e durante os primeiros anos de actividade de empresas e empresarios individuais e tamén realizar os trámites administrativos necesarios para a constitución telemática das empresas.

O Igape considera importante manter esta colaboración iniciada coa creación dos PAE, antes denominados PAIT (Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación)- coa Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, na que se creaban os PAIT que definíanse como oficinas dependentes de organismos públicos ou privados mediante as cales se ofrecía aos emprendedores servizos de información, asesoramento e tramitación electrónica.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O subdirector de Coordinación do Igape